

PLAN ANUAL

***DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN***

CURSO 2025-26

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	4
2.1.- Marco teórico-legal	
2.2.- Marco contextual.	
3.- OBXECTIVOS	9
4.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS	10
5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	12
6.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	13
7.- CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	14
8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN	18

1.- INTRODUCCIÓN

Co convencemento de que a orientación educativa e profesional dos alumnos e alumnas debe ser un dos principios ao que atenda a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada (art.º 1 da L. O. 3/2020, LOMLOE), co deber de colaborar co profesorado na función referida á orientación educativa, académica e profesional do alumnado (art.º 91 da citada lei), co coñecemento de que o alumnado ten dereito a recibir orientación educativa e profesional, coa responsabilidade de que os departamentos de orientación, xunto cos equipos de orientación específicos, deben ser o garante de que a orientación forme parte esencial da actividade educativa (Orde do 24 de xullo de 1998, da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria), confórmase este **Plan de Orientación**.

Dita orientación realízase desde:

1. O espazo de Tutoría, a nivel de aula.
2. O Departamento de Orientación, a nivel de centro educativo.
3. O Equipo de Orientación Específico, que atende demandas de carácter especializado de ámbito provincial.

Por outra banda, os ámbitos de actuación da mencionada Orientación Educativa e Profesional son principalmente tres:

- A atención á diversidade.
- A acción titorial.
- A orientación académica e profesional.

Sendo os axentes destinatarios de dita actuación o alumnado, o profesorado, os pais e nais do alumnado e a comunidade educativa en xeral.

Con todo isto, continúaase co impulso dado á orientación nas últimas décadas, sobre todo no que a presenza dos Departamentos de Orientación nos centros educativos se refire. Dito departamento, obviamente está presente nos Institutos de Educación Secundaria, actuando en coordinación constante tanto co profesorado (especialmente con aquel que exerza funcións de tutoría), como co Equipo Directivo do centro (e máis concretamente coa Xefatura de Estudos) así como cos Equipos de Orientación Específicos. Incluindo na súa actuación os tres ámbitos antes sinalados que, ademais de complementarse mutuamente, en ocasións superpóñense uns aos outros.

Tendo en conta todo o mencionado anteriormente, o Departamento de Orientación elaborará un Plan de Actuación de carácter anual, atendendo ás circunstancias, características e necesidades de orientación que presente o centro.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2.1.- Marco teórico-legal.

- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, de Educación.
- Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120 /1998.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21 de decembro de 2011).
- Orde 8 de setembro de 2021 pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de educación.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e co currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o procedemento de admisión do

alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e de grao superior en réxime ordinario e para as persoas adultas.

- Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional inicial.
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Resolución do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.
- Resolución do 1 de xullo de 2025, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2025/26.

E todas aquelas disposicións que desenvolven o establecido nas normas aquí numeradas.

Tamén cabe sinalar que o modelo de orientación está en concordancia coas liñas directrices establecidas no Proxecto Educativo do IES. Así, as liñas básicas que guiarán o labor a desenvolver polo Departamento de Orientación serán:

1. A orientación supón un **contínuum** que se inicia coa escolarización do alumno/a e finaliza ao rematar este/a o ensino universitario ou ensinanzas profesionais.
2. A orientación enténdese como unha **arefa educativa** máis, que debe estar plenamente integrada no deseño curricular seguido polo centro.
3. Trátase dunha **arefa cooperativa**, competencia de todo o profesorado, en especial do profesorado-titor e do propio Departamento de Orientación.
4. Orientar supón **educar para a vida** e educar na capacidade de **tomar decisións**, é dicir, contribuír á adquisición das denominadas **competencias clave**.
5. A orientación susténtase nos seguintes **principios**:
 - **Prevención**: a orientación coma un dereito de todo educando en todo momento

da súa vida escolar e non só ante unha dificultade específica e nun momento determinado.

- **Desenvolvemento:** o alumnado na súa interacción co medio vai estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas e a súa personalidade. Polo tanto trátase de conseguir crear un contexto motivador que estimule eses cambios.
- **Intervención social:** a intervención orientadora non debe ter en conta só ao individuo, senón que debe dirixirse tamén ao contexto educativo e social no que aquel se desenvolve.
- E, finalmente, coa orientación preténdese contribuír ao **desenvolvemento integral** do alumnado.

2.2.- Marco contextual:

O noso centro é un IES situado na cidade de Santiago de Compostela. Os alumnos/as proveñen principalmente do barrio de Pontepedriña, Conxo, Lamas de Abade, Os Tilos e Sar. En Bacharelato tamén acoden alumnos e alumnas de concellos limítrofes como Boqueixón, Vedra, etc.

Entre os recursos cos que podemos contar, atópanse:

- As fundacións IGAXES e ABEIRO
- O Centro de Saúde.
- Os Servizos sociais e a educadora familiar.
- A Fundación do Secretariado Xitano.
- E todos os recursos propios da cidade.

O centro imparte as seguintes **ensinanzas**:

ETAPAS
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA: <ul style="list-style-type: none">- 1º ESO: 3 liñas- 2º ESO: 3 liñas- 3º ESO: 3 liñas- 4º ESO: 3 liñas
BACHARELATO nas modalidades de: <ul style="list-style-type: none">- Ciencias e Tecnoloxía .- Humanidades e Ciencias Sociais.
CICLOS FORMATIVOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA F.P.B Servizos Comerciais.
FP DUAL <ul style="list-style-type: none">C. S. Xestión de Ventas e Espazos Comercias.C. S. Transporte e loxística.C.M. Comercialización de produtos alimentarios.
FP A DISTANCIA <ul style="list-style-type: none">C.S. Marketing e publicidadeC.S Transporte e loxísticaC.S Xestión de vendasC.S Comercio internacional
PRESENCIAL <ul style="list-style-type: none">C.M Actividades Comerciais.C.S Comercio Internacional.C.S Xestión de Ventas e espazos comerciais.

Á oferta educativa descrita, hai que engadir a especial atención que no centro se intenta prestar á **atención á diversidade**, intervención que se realiza

primando as medidas de atención á diversidade ordinarias fronte as extraordinarias recollidas no *Decreto 229/2011* e a *Orde do 8 de setembro de 2021*, como son o reforzo educativo, a potenciación do traballo por ámbitos e as HHSS, as metodoloxías activas e participativas; as adaptacións de tempos e instrumentos de avaliación o enriquecemento curricular, o apoio do profesorado PT e, finalmente, as adaptacións curriculares. Esta intervención basearase nos principios de inclusión, equidade e calidade educativa.

No centro están escolarizados alumnos e alumnas de distintas nacionalidades: china, portuguesa e, sobre todo, hispanoamericana pero tamén de diferentes comunidades: Canarias, Ceuta, Catalunya...

Ademais do xa sinalado, convén apuntar outros aspectos:

O Departamento de Orientación ven de funcionar nos anos anteriores, levando a cabo unha labor en relación coa orientación académica do alumnado de cursos superiores (enténdase, especialmente, alumnado de FPB, alumnado de Bacharelato e de 4º curso de ESO), e o traballo a desenvolver en relación cos rapaces e rapazas con necesidades específicas de apoio educativo.

a) Para o presente curso escolar 2025-2026, os compoñentes do mesmo serán os seguintes:

- **Xefa do Departamento:** Margarita Merlos Borrull.
- **Orientadora Educativa:** Marta Rodríguez Padilla.
- **Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica:** María del Carmen Caramés Gorgal.
- **Mestra especialista en Pedagogía Terapéutica:** María del Carmen Fernández Carballo.
- **Profesor do ámbito lingüístico e social:** Sandra Fernández Arias.
- **Profesora do ámbito científico-técnico:** Lucía Bordello Malde.
- **Profesor de FOL:** Santiago Pazos Franqueira.

Tanto o Plan de Acción Titorial (PAT), como o Plan de Orientación Académica Profesional (POAP) encóntranse, actualmente, en fase de

revisión e aprobación.

b) Entre o alumnado, os maiores problemas sitúanse na falta de hábito lector (que arrastra consigo problemas a nivel de expresión, comprensión, razoamento, etc.), hábitos de estudo e a existencia de ambientes familiares complexos e alumnado recen chegado co poucas competencias curriculares.

3.- OBXECTIVOS

Tendo en conta todo o sinalado no punto anterior e en función das necesidades detectadas, os **obxectivos xerais** que se perseguirán desde o Departamento de Orientación deste centro durante o presente ano académico 2025-2026 serán os seguintes:

1. Contribuír á personalización da educación, favorecendo o desenvolvemento integral de todos os aspectos da persoa concreta e individualizada.
2. Prever as dificultades na aprendizaxe que poidan xurdir no alumnado e contribuír a superalas cando se produzan.
3. Contribuír á consecución dunha axeitada relación entre os distintos/as integrantes da comunidade educativa.
4. Favorecer os procesos de madurez persoal, de desenvolvemento da propia identidade e dun sistema de valores acorde cos principios democráticos.
5. Resaltar os aspectos orientadores da educación: orientación **para a** vida.
6. Asesorar e favorecer a inserción profesional dos alumnos e alumnas titulados no centro.
7. Intensificar a comunicación do Departamento de Orientación cos titores/as de FCT, para canalizar as ofertas de emprego que cheguen a través dos mesmos.
8. Orientar aos titulados que desexen completar a súa formación, proporcionando toda a información de que dispoña este departamento, sobre as distintas opcións do exalumnado para trazar

o seu itinerario formativo-profesional.

Co traballo que se pretende levar a cabo ao redor destes obxectivos xerais inténtase abarcar tres *dimensións fundamentais* do alumnado como son a dimensión:

- **Persoal e familiar**, entendendo ao alumno/a como persoa individual que forma parte dunha familia e está moi influenciado por esta.
- **Escolar e social**, entendendo ao alumno/a como persoa que interacciona con outros/as e que debe integrarse na aula y na sociedade.
- **Vocacional e profesional**, entendendo ao alumno/a como unha persoa que deseña o seu propio proxecto de vida e se prepara para a súa inserción profesional.

4.- PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Os obxectivos antes mencionados desenvolveranse ao longo de todo o ano académico por medio de diversas actuacións, das que se poden destacar a nivel xeral as seguintes:

Primeiro trimestre
<ol style="list-style-type: none">1. Constitución do Departamento de Orientación.2. Revisión e, se procede presentación das oportunas propostas de modificación da PXAD e, se procede, do PAT e do POAP.3. Revisión e actualización dos informes que poda presentar o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo escolarizado no centro.4. Organización e coordinación da labor a desenvolver durante o presente ano académico polas especialistas en Pedagogía Terapéutica e as profesionais externas: intérprete de signos e mediadora da ONCE.5. Coordinación, xunto coa Xefatura de Estudos, do traballo a desenvolver polo profesorado- titor cos seus respectivos/as titorandos/as.6. Colaboración no desenvolvemento do PAT e POAP.

Segundo trimestre

1. Avaliación psicopedagóxica do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, proposta das medidas curriculares oportunas, en función das necesidades detectadas na 1ª avaliación.
2. Aplicación de programas de intervención específicos en función das necesidades detectadas ao longo do trimestre anterior.
3. Atención ás diversas demandas que poidan ir xurdindo por parte de calquera membro da comunidade educativa.
4. Colaboración no desenvolvemento do PAT e POAP e da concreción do PXAD (continuación).

Terceiro trimestre

1. Aplicación dos programas de intervención específicos (continuación).
2. Colaboración no desenvolvemento do PAT, POAP e da concreción do PXAD (continuación).
3. Proposta de medidas curriculares que se consideren máis oportunas para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (continuación).
4. Coordinación de todo o alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo que se poidan incorporar ao centro no vindeiro curso en colaboración cos responsables dos centros de procedencia.
5. Análise e avaliación do traballo desenvolvido ao longo do ano académico, así como detección das necesidades que, no ámbito da orientación, será preciso resolver no futuro, establecendo as liñas prioritarias de traballo a seguir en vindeiros cursos.

A todas estas actuacións é preciso engadir outras que, ao posuír un carácter máis **xeral**, non se poden circunscribir a un período de tempo específico.

Trátase, en concreto, das actuacións seguintes:

1. Dotación do departamento de todos aqueles recursos técnicos e materiais que se consideren oportunos e necesarios para desenvolver as súas funcións.
2. Colaboración no desenvolvemento doutros plans do centro como Plan de convivencia, Proxecto de Introducción das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, Proxecto Lector, etc.
3. Establecemento de contactos cos servizos educativos, sociais, sanitarios e culturais presentes no contorno en que se sitúa o centro de cara ao

desenvolvemento de accións conxuntas para mellora do alumnado.

4. Participación e colaboración na planificación, desenvolvemento e avaliación das actuacións que se poidan levar a cabo en atención ao establecido na *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa*.
5. Participación e colaboración na planificación, desenvolvemento e avaliación das accións derivadas do disposto no *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, entre as que figura o deseño e desenvolvemento do *Plan Xeral de Atención á Diversidade*.
6. Asesoramento e apoio, tanto colectivo coma puntual/individual, aos distintos colectivos que constitúen a comunidade educativa.

Convén sinalar que as accións aquí enumeradas constitúen, como o seu propio nome indica, liñas xerais de actuación que será preciso concretar ao longo do curso e, que no seu desenvolvemento, abranguen catro ámbitos de actuación como son a:

1. **Acción tutorial.**
2. **Atención á diversidade.**
3. **Orientación académica profesional.**

5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

No desenvolvemento das liñas de actuación antes expostas, o Departamento de Orientación recorrerá, segundo demande o caso, a estratexias de intervención como poden ser:

1. Emprego de cuestionarios, técnicas de grupo, entrevistas, observacións, revisión de documentación, probas de avaliación psicopedagóxica, etc.
2. Aplicación e seguimento de diversos programas: de técnicas de traballo intelectual, de comprensión lectora, de orientación académica-profesional, etc.

3. Realización de reunións de coordinación cos distintos grupos de profesores e profesoras do centro.
4. Establecemento de contactos e coordinación con outros servizos externos ao centro: outros Departamentos de Orientación, Servizo de Inspección, Servizos Sociais do Concello, Servizos Sanitarios (Psiquiatría, Unidade de drogo dependencias, etc, Centros de Formación Profesional, Universidade, Equipo de Orientación Específico, etc.
5. Asesoramento e atención individualizada ós membros da comunidade educativa.
6. Recompilación e información das distintas opcións formativas que poidan ser adecuadas como complemento ou especialización dos ciclos impartidos no noso centro o en outros.
7. Atención e xestión das ofertas de emprego que cheguen ao Departamento, independentemente da súa procedencia.

Todas estas estratexias deberán partir dun:

1. Enfoque participativo das aprendizaxes escolares e da intervención pedagóxica.
2. Enfoque sistémico da intervención psicopedagóxica.

Así mesmo, para o desenvolvemento de todas as estratexias mencionadas, é necesario contar cunha diversidade de recursos técnicos e materiais, que se adquiriran segundo as necesidades que vaian xurdindo ao longo de todo o curso.

6.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As actividades propostas a continuación van dirixidas a alumnos e alumnas, pais e nais e profesorado. Son actividades xerais que deberán concretarse nas distintas etapas educativas e contextualizadas nos diferentes grupos-clase, tendo en conta ademais que a listaxe de actividades que inicialmente se presente pode sufrir modificacións segundo avance o ano académico ou o xurdimento de

novas demandas.

Presentación: fins da titoría.	Acollida	SET.
Elaboración cuestionario inicial: datos persoais, escolares.	Acollida	SET.
Debate sobre os dereitos e deberes.	Acollida	OUT.
Debate sobre as NOFC do centro.	Acollida	OUT.
Elaboración de normas consensuadas.	Acollida	OUT.
Elección de delegado: funcións, acta, constitución mesa.	Acollida	OUT.
Actividades de educación afectivo-sexual, diversidade sexual e igualdade de xénero.	Convivencia	1º /2ºtrim.
Actividades de educación para a saúde: prevención drogo dependencias: tabaco, alcohol, etc.	Desenvolvemento persoal	1º/ 2º Tri
Programa de desenvolvemento da aula de excelencia.	Desenvolvemento persoal	2º/3º Tri
Programa de desenvolvemento da aula de convivencia.	Convivencia	1º, 2º e 3º Tri.
Coñecemento dun mesmo. Coñecemento da oferta formativa e laboral. Análise da información. Estratexias de busca de emprego. A toma de decisións. Optatividade. Coñecemento de distintos itinerarios formativos.	Toma de decisións académicas e vocacionais	3º Tri.

7.- CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Como pode contribuír o Departamento de Orientación na adquisición das competencias básicas por parte do alumnado?

A resposta a esta cuestión ven dada polos coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais que desde a acción orientadora se poden traballar e fomentar.

1. En relación coa **Competencia en comunicación lingüística (CCL)** e competencia plurilingüe (CP):

- A linguaxe como medio de expresión e comprensión oral e escrita.
- Comprensión e uso de termos e conceptos propios do coñecemento de un/unha mesmo/a: imaxe psíquica, social, autoestima, relación cos outros/as, estratexias e técnicas para aprender a aprender.

- Adquisición de habilidades lingüísticas como medio para progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con crecente autonomía.
- Técnicas de análise e síntese. Subliñado, estratexias de memorización, formulación de interrogantes, resumos, cadros, esquemas e mapas de contido.
- Técnicas para favorecer a comunicación: a exposición oral, o coloquio, o debate, o diálogo, a entrevista e a paráfrase.
- Conciencia das propias capacidades a través da educación afectivo-emocional e o coñecemento das relacións entre intelixencia, emocións e sentimentos.
- Linguaxe e habilidades sociais. A linguaxe como instrumento para favorecer a comunicación e o intercambio de coñecementos e necesidades nas relacións próximas (a familia, os amigos/as e os compañeiros/as). Asertividade, empatía, actitudes de diálogo e resolución de conflitos. A linguaxe como medio de expresión de emocións e sentimentos.
- Participación e emprego sistemático de argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, a confrontación ordenada e crítica de coñecemento, información e opinión.
- Desenvolver a capacidade para interactuar en diferentes linguas.

2. En relación coa Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM):

- Integración de diferentes linguaxes na interpretación de problemas da vida cotiá: o centro, a familia, as relacións cos amigos/as, outras relacións co entorno social, o acercamento; a cuantificación do mundo físico natural, os aforros, as compras, as inversións...
- Procedementos e métodos de razoamento: comparación, clasificación, ordenación, análise, síntese, estimación, indución e dedución.
- Resolución de problemas amosando flexibilidade na busca de solucións e tomando decisións eficaces a partir delas.

- Desenvolver a perseveranza, o esforzo, a orde e o rigor no traballo.

3. En relación coa **Competencia Dixital (CD)**:

- As tecnoloxías da información e competencia dixital (TIC) como ferramenta para o coñecemento de un/unha mesmo/a: intereses, capacidades, valores e necesidades.
- As TIC como medio para coñecer o entorno social, cultural e laboral. Recursos e direccións de especial interese.
- As TIC e a comunicación entre persoas e grupos. O emprego axeitado de estas.
- Aprender a aprender. Técnicas de análise e técnicas de síntese. Integración das achegas de distintas áreas e materias. Técnicas para pensar de forma lóxica. Técnicas para aprender a decidir.
- Programas de orientación vocacional e programas de toma de decisións. Ferramentas tecnolóxicas.
- Desenvolver o coñecemento e respecto dos principios éticos no emprego das TICs.

4. En relación coa **Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)**:

- Promover o coñecemento de un/unha mesmo/a, autoestima.
- Atender a desenvolver un equilibrio psicolóxico e saúde física.
- Favorecer o coidado do corpo, as pautas de alimentación e esforzo, no estudo e no deporte.
- Prevención de trastornos relacionados coa alimentación e a imaxe corporal.
- Promover o traballo en equipo, a participación e emprego sistemático da argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, e a confrontación ordenada e crítica do coñecemento, información e opinión relacionada coa competencia.
- Transmitir técnicas para aprender a pensar e aprender a aprender que

servan de soporte a contidos sobre medio ambiente, tecnoloxía e saúde; subliñado, estratexias de memorización, formulación de interrogantes, saber facer resumos, cadros, esquemas e mapas de contido.

- Saber desenvolver iniciativas de planificación, toma de decisións, participación e asunción de responsabilidades relacionadas co coidado do medio ambiente e prácticas relacionadas coa saúde.
- Promover as relacións interpersoais e desenvolvemento persoal. Afectos e emocións. Empatía e simpatía. O exercicio de pensamento crítico. Asertividade.
- Coñecer as causas e consecuencias de diversos tipos de conflito. Protocolos e técnicas para previr e actuar.
- Desenvolver principios e normas de conduta no medio familiar, académico e social.
- O respecto cara as normas. A obediencia e o respecto. Defensa das normas.
- Facilitar a pertenza a grupos. A toma de conciencia da necesidade de asumir dereitos e deberes.
- Favorecer a mellora das pautas e accións de convivencia na clase, no instituto, etc.

3. En relación coa **competencia cidadá (CC)**:

- Promover o auto coñecemento e autoestima: imaxe social. Perspectiva de un/unha mesmo/a en relación aos demais. Emocións e sentimentos que os outros espertan nun mesmo; emocións e sentimentos que un esperta nos outros, conciencia das propias habilidades e destrezas sociais; conciencia das dificultades. Perspectivas e alternativas de cambio.
- Desenvolver a empatía e simpatía cara os demais. Análise comparativa e valoración respecto a semellanzas e diferenzas en función de factores de diversidade.
- Favorecer a asertividade e expresión de ideas e emocións. A busca de harmonía entre o respecto a un mesmo e aos demais.
- Adquirir habilidades e destrezas socio afectivas para traballar e relacionarse

con distintos tipos de persoas e grupos.

- Promover a participación activa en traballos de grupo. Implicación en actuacións relacionadas coa defensa dos dereitos humanos.
- Realizar identificación e avaliación de plans e medidas persoais e colectivas para impulsar o desenvolvemento dos dereitos humanos.
- Facilitar o emprego de técnicas para aprender a pensar (subliñado, resumos, cadros, esquemas, mapas de contido, debates e coloquios) e para tratar textos relacionados coa información social.
- Favorecer o respecto cara ás diferentes formas e ritmos de aprendizaxe promovendo a colaboración activa e disposición a axudar a outros/as en diferentes situacións de aprendizaxe.

4. En relación coa **Competencia emprendedora (CE)**:

- Coñecer o auto concepto e os seus compoñentes: a imaxe física, a imaxe psíquica, a imaxe social e a imaxe moral. A influencia dos outros/as no auto concepto. Reflexión sobre as destrezas necesarias para o traballo colaborativo.
- Análise das necesidades e oportunidades afrontando retos con sentido crítico, para presentar ideas e solucións dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
- Promover calidades que definen a unha persoa con iniciativa: auto esixencia, responsabilidade, confianza, vontade, fortaleza, flexibilidade, apertura aos cambios, mentalidade creativa e innovadora.
- Desenvolvemento do proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma de decisións.
- Favorecer a reflexión sobre as destrezas e recursos necesarios para levar a cabo unha experiencia emprendedora que xenere valor.

5. En relación coa **Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC)**:

- Coñecemento do patrimonio cultural e artístico, valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.

- Saber expresar as ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais artísticas, integrando o seu propio corpo e autoestima, creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
- Coñecemento e uso de diversos medios e soportes, así como de técnicas para a creación de produtos artísticos e culturais identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN

Na avaliación do Plan o que se pretende é valorar o plan de traballo seguido no seu conxunto: obxectivos, actividades, estratexias, medios, etc. Ademais unha avaliación que non se reduce a un momento determinado ou puntual, senón que debe impregnar o desenvolvemento do plan mesmo nas súas distintas fases.

Con isto, de cara a avaliación do Plan de traballo do Departamento de Orientación, teranse en conta:

- As observacións realizadas desde o propio departamento por parte de todos e todas e cada un dos seus membros.
- As suxestións e información provenientes do profesorado, alumnado e pais e nais destes últimos/as.
- As valoracións de instancias externas ao centro como poden ser o Servizo de Inspección educativa ou o Equipo de Orientación Específico..

E como criterios de avaliación concretos teranse en conta os constituídos polas seguintes cuestións:

- Revisión e continuación da posta en marcha do PAT, o POAP e PXAD.
- A Memoria Anual do propio Departamento.
- Actualización dos informes do alumnado con NEE e NEAE.
- Proposición das medidas curriculares máis axeitadas para o alumnado con NEE e NEAE
- Grado de dotación ao departamento do material para o

desenvolvemento de todas as tarefas que dende o mesmo se deben levar a cabo

- Número de demandas as que se conseguiu dar resposta cun bo nivel de éxito por parte do departamento

A todas estas cuestións iranse engadindo ao longo do curso outras moitas en base ao traballo que se vaia desenvolvendo e aos logros que se poidan ir acadando, tanto a nivel xeral como desde os diferentes ámbitos de intervención do Departamento de Orientación en particular.

En calquera caso, non se debe perder de vista que este plan de actuación constitúe desde un primeiro momento unha proposta flexible que se deberá ir adaptando ás demandas, necesidades e circunstancias que poidan ir xurdindo ao longo do curso.